

MEIGA  
MOIRA

# MEIGALLO\_98H

Conchi Regueiro



BAÍA EDICIÓN S

## Amelia (1)

**E**la chegara con aceno aburrido. Non podía dicir que lle facía ilusión, porque non era verdade. «Que meus pais me apuntaron a iso que organiza o novo instituto», fungara, «para que me vaia afacendo ao sitio», rematara con noxo.

Naqueles días, tentara todo para que non a cambiaran de centro: protestara, chorara, berrara... Pero os pais non cederan: remataría a ESO no Estanislao Vicencio e non había máis que falar, así que acabara por aceptar o inevitable e tentaba finxir que lle parecía ben. Ao cabo, expuxera o pai como argumento definitivo, ese centro íalle quedar moito máis próximo á nova casa que en poucos meses ocuparían, e ela refungara amoucada.

Miña nai tería dito que esas eran cousas de novos ricos, porque na casa de Constanza, de sempre, unha familia con ínfulas, entrara diñeiro a esgalla por un golpe de fortuna cos negocios de aplicacións informáticas do pai, e parecía que agora tiñan que pregoalo de todos os xeitos posibles, desde a recua de compras de cousas de luxo (inclusive ese chalé do tamaño dun castelo que ninguén das novas xeracións vía con simpatía), ata meter os fillos nos sitios de elite da cidade, ben fosen ximnasiaos con máquinas máis propias dunha peli de ciencia-ficción, ou, como era o caso, no instituto ao que mandaban os fillos todas as familias de moitos cartos da

cidade e non as meramente acomodadas. Pouco importaba que ela estivese tan contenta no modesto instituto público do seu vello barrio, próximo ás escolas onde cursara infantil e primaria, e que alí lle fose ben nos estudos e tivese as súas amizades. Aquel era un bo centro, pero non era O CENTRO, o sitio onde se formaba aos futuros dirixentes e xefes en xeral (todo o mundo sabía que alí estudaran membros do Tribunal Supremo, CEO de empresas punteiras e demais triunfadores das últimas décadas).

O «Vicencio», como lle chamaba todo o mundo, non era só un instituto. Tratábase dun verdadeiro conglomerado de instalacións por toda a provincia e aínda o estranxeiro destinadas a educación e adestramento de rapaces e rapazas nas diferentes épocas do ano: programas de perfeccionamento de idiomas, escolas de tecnificación deportiva, centros de creación artística... En resumo, todo o que se puidese imaxinar en relación coa formación da cativada e a mocidade. Tamén dispoñían dun campamento de verán, xestionado por parte do profesorado, que na primeira quincena do mes de xullo adoitaba acoller grupos de estudantes para que estivesen en contacto coa natureza e afondasen nas súas relacións de nenos e nenas ricas, alleas ao resto do mundo. Constanza analizaba o folleto como se estivese a ver as ofertas dun planeta descoñecido. Ela nunca fora de campamento e, ata non había tanto, as súas vacacións de verán se distribuían entre as viaxes familiares, a quincena cos avós da aldea e as excursións á praia, ás que se sumaban os ocos de doce aburrimiento que a ela lle bastaban e sobaban para cubrir satisfactoriamente os meses estivais ata o comezo do novo curso.

Por tanto, ela marchara aquela mañá como quen vai ao seu pelotón de fusilamento, abatida malia os esforzos dos

pais para animala dicíndolle que axiña faría novas amizades e que ía pasalo moi ben. Coitada Constanza, pensara eu, non se lle darán esgotado eses quince días. A noite antes, ela pasara unhas cantas horas rosmando sen parar sobre o inxusta que é a vida e cantas outras ocorrencias máis se poden ter neses intres de escuridade e sobre o que eu pouco a podía consolar.

Porén, e seica por primeira vez en toda a historia da humanidade, os pais tiveron razón e a Constanza radiante que entrou bronceada e sorrinte pola porta nada tiña que ver coa rapaza amolada que saíra a rastro tirando da súa equipaxe unha quincena atrás. Fixera ducias de novas amizades e estaba desexando comezar o curso para poder atoparse con elas todos os días. Non pensedes mal: Constanza seguía sendo a rapaza boa e sensible de sempre, e o primeiro que quería facer era quedar coas súas vellas compañeiras de estudos para explicarlles as marabillas desas novas coñecidas e ata formar unha nova cuadrilla coa fusión dos dous grupos.

—Entón, fixeches moitas cousas por alí entre os piñeiros? —preguntáralle eu cunha retranca máis que evidente esa mesma noite, seica molesta por non ter de volta á Constanza anterior á viaxe.

—Ui, nin imaxinas —contestara entusiasmada, porén—. Estivemos nun feixe de sitios chulos: o museo etnográfico da bisbarra, no miradoiro de... —dixo unha localización que nin me soaba—, e tamén participei en centos de actividades ao aire libre. Foi todo moi divertido. Fixemos un grupo ben aquelado, abofé: Alexia, que é a filla do dono de... (menos me soaba aquela empresa, por suposto); Micaela, a filla dese avogado tan famoso que sae tanto na tele, sabes quen che digo? —eu negara aburrída, sen ter nin idea da persoa á que

se estaba a referir, pero ela proseguiu sen máis–; Diego (o pai é o promotor da urbanización do paseo fluvial) e Mateo, desa familia tan rica que fixera os cartos na bolsa; tamén estaban Vega, Cova e, de cando en vez, uníanse a nós...

Aí desconectei dese feixe de nomes e ocupacións ilustres dos proxenitores, que ela continuou a enumerarme con entusiasmo. Estaba convencida de que ían dar estupendamente coas súas vellas amizades, e eu calei no último momento a pregunta capciosa de se tamén darían ben comigo porque, ao cabo, Constanza é a persoa do mundo máis importante para min e por nada quero ferila –aínda que, para que negalo, tamén nese mesmo intre sentira que algo non ía ben–.

## Primeiro día de clase

—**E**stou ben contento de que vaias tan leda ao teu primeiro día de clase —comentara o seu pai ao vela saír da casa cun sorriso de orella a orella mentres colocaba con coquetería a gravata do seu uniforme do centro. Pero é que era verdade, estaba desexando volverse atopar con esas novas amizades ás que non vía desde xullo e coas que seguira intercambiando mensaxes entusiastas polo novo móbil, caro e complicado. E ese entusiasmo superpoñíase a outros elementos menos agradables, como o ríxido uniforme de estrea que lle tocaría levar en horario lectivo, ou a media hora longa de autobús para chegar ao centro mentres non cambiasen á nova casa.

Tras pasou o portón do instituto cunha inesperada timidez, axiña desintegrada ao ver a Alexia saudándoa coa man e achegándose a recibila.

—Ola, cari, benvida ao Vicencio —exclamara tras os seus dous bicos do recibimento—. Imos, están a esperarnos Micaela e os demais. Dános tempo a tomar algo na cantina antes da primeira clase.

—Pero non empeza a e media? —preguntara asustada.

—Con *miss* Emily? Vaites, esa o primeiro día non chega á súa hora nin que a maten. Está un bo cacho de lareta con todos os que colle polo camiño contándolles o que fixo

no verán, é unha especie de tradición dela. Hai tempo de sobra para chegar á aula antes de que pise o corredor, xa verás –explicara Alexia, e Constanza non puido evitar unha picada de decepción ante esa lasitude cos horarios, sobre todo coa docente que tan seria era no campamento con ese tema–. Imos, que eles xa están alí –teimou.

Constanza seguíuna ata a cantina, onde xa esperaba o resto do grupo e, tras outra rolda de saúdos efusivos, puxéronse a charlar sobre as súas vacacións, pisándose uns aos outros anécdotas nas que non importaba tanto o destino ou a sofisticación do realizado como a graza na narración.

—Ala, xa é tempo de entrar na clase –apuntou Alexia cando xa eran menos cuarto.

—Boh, pero o coche da profe aínda non está na súa praza do aparcadoiro –retrucou Diego, aínda que tamén se levantou e foi cos demais.

Tras deixar os seus respectivos móbiles nuns andeis destinados ao efecto –norma específica do lugar que a Constanza lle pareceu bastante estraña–, sentaron expectantes. O reloxo da parede marcou as menos dez, menos cinco e en punto e o grupo comezou a bisbar sobre o raro que era aquilo, pois, segundo dicían os máis veteranos, *miss* Emily nunca faltaba ao seu primeiro día de clase. Tan só se permitía a extravagancia de chegar uns minutos tarde, cousa que logo non se repetía no resto do curso, aínda que estivese a sufrir a gripe máis espantosa ou as dores de costas máis paralizantes, como xa se dera nalgunha ocasión.

—Que raro. Haberá que achegarse ata secretaría a ver que pasa –comentou alguén no fondo, e Constanza ofreceuse a facelo, impulsada sobre todo pola curiosidade de camiñar por aqueles corredores xa baleiros.

Decatouse de que algo non ía ben ao ver como o que lle sinalaran como xefe de estudos era reclamado por unha nerviosa oficinista na aula onde estaba e logo ambos corrían ata a sala de profesorado, onde un grupo con similar nivel de axitación parecía discutir sobre algo.

—Bos días, aínda non chegou *miss* Emily a clase, que facemos? —preguntou desde a porta. O grupo fitouna abraiado, como se lles formulase a cuestión máis arrepiante do mundo.

—Volve cos demais. Axiña vai alguén substituíla. Veña, bule —ordenoulle un profesor de barba cuns modos bastante cortantes, e ela obedeceu de inmediato.

Apenas lle deu tempo a sentar no seu pupitre, pois unha muller duns corenta anos que Alexia identificou como Lidia díxolles que ese día ela daría a clase.

—E logo, como é que non está aquí *miss* Emily? Atópase mal? —inquiriu un rapaz de gafas desde o pupitre dianteiro.

—Si, iso... Hoxe non pode vir, xa me encargo eu —teimou a profesora cuns nervios máis que evidentes. O resto do tempo limitouse a recitar como un loro o programa do curso (a pesar das queixas xeneralizadas de que todos tiñan a súa copia) e a facer preguntas «de avaliación previa» que para nada viñan demostrar os coñecementos do grupo, e logo saíu escopeteada sen despedirse.

A seguinte clase era con Anselmo e, malia ser un docente caracterizado pola súa puntualidade estrita, tamén chegou tarde. O grupo non entendía nada, e esa inquietude que Constanza albiscara pareceu contaxiarse alí a través das paredes.

—Bos días, rapaces e rapazas. Desculpade o meu retraso —saudou por fin o docente, que resultaba ser o de barba



que a largara da sala de profesorado, cando a agulla dos minutos descansaba acusadora sobre o cinco e non sobre o preceptivo dous.

—Profe, que está a pasar? Ti nunca chegas tarde –volveu inquirir o rapaz de gafas do pupitre dianteiro.

—Non se che escapa unha, eh, Alberte? –fungou con cansazo Anselmo.

—Que lle pasa a *miss* Emily? Lidia parecía moi nerviosa para ser unha simple indisposición –engadiu Alexia.

O profesor bufou, seica pensando en que dicir.

—Vaites, ao fin e ao cabo ídelo saber nada máis vos poñades cos vossos telefoniños –recoñeceu por fin–. *Miss* Emily desapareceu e ninguén sabe nada dela desde onte pola tarde.

—¿Desaparecida? –preguntaron incrédulos case que a coro.

—Pero iso non pode ser, precisamente miña nai estivo a falar con ela onte, que a atopara na herboristería do centro comercial! Díxomo na cea –rebateu Mateo asustado, ante a mirada curiosa de Anselmo.

—Vaites, pode que fose recomendable que túa nai contase iso na comisaría da policía. Segundo parece, están a buscar toda a información posible dos seus movementos. Logo falarei con ela.

—Pero, profe, por que está a policía a buscar información? Ao mellor foi unha arroutada e nun par de horas está aquí xa –teimou o tal Alberte.

—Veña, vale xa. Poñámonos coa materia, que este ano hai moitas cousas que dar –cortou o profesor, cuns nervios evidentes.

A mañá continuou con outras clases e docentes herméuticos aos novos comentarios sobre a súa compañeira. No

descanso, era a conversa única entre todos os grupos de rapazas e rapaces.

Micaela volveu co resto excitadísima tras estar un bo anaco pegada ao seu móbil, que conseguira sacar da clase con disimulo.

—Novas fresquiñas –cantaruxou–. Chamei a meu pai. El coñece a xente da policía que estivo na casa de *miss* Emily. Todo é moi raro.

—Conta, conta –animaron todos.

—Pois resulta que foi unha veciña a que chamou ao cuartel porque lle parecera escoitar uns ruídos moi raros no seu piso a iso da unha da madrugada. Entón chegaron dous axentes e petaron na porta, pero ninguén contestou. Total, que a outra muller seguía teimando con que debера de pasar algo, así que chamaron á porteira, que ten xogo de chaves da casa, e abriu.

Micaela calou, e Constanza dubidou se era por coller aire ou pola máis narcisista razón de agudizar a atención do grupo.

—Veña, Mica, que pasou logo? –apurou por fin Alexia.

—Pois resultou que estaba todo feito un cristo, pero a profe non estaba.

—Vaites, o mesmo saíra deixando todo desordenado –suxeriu Constanza.

—*Miss* Emily? Imposible, se esa mulleriña é a persoa máis ordenada do mundo –rebateu Mateo. Constanza lembrou, efectivamente, a súa insistencia durante o campamento de que todo estivese no seu sitio, e como tiña as súas cousas colocadas ao milímetro na metade do cuarto que compartía con outra monitora.

—É que hai máis –continuou Micaela–. A veciña explicou que precisamente estivera esa mesma tarde coa

profesora. *Miss Emily* dixéralle que se ía deitar cedo porque tiña dor de cabeza e quería estar ben para o día seguinte, e cando foron revisar as gravacións de seguridade do portal e o garaxe comprobaron que por alí non pasara ninguén nesas horas da noite e, moito menos, *miss Emily*.

—Pero iso non pode ser —fungou Alexia.

—Pois é o que lle contaron a meu pai.

—Que é o que lle contaron a teu pai? —oíu Constanza ás súas costas. O rapaz de gafas do pupitre dianteiro esperaba interesado a resposta.

—Vaites, Alberte, ti sempre tan lerchán —fungou Alexia.

—Desculpa que queira coñecer tamén unha información á que non teño acceso porque meus pais, que son uns simples enfermeiros do sanatorio do doutor Sández non dispoñen dos vosos contactos.

—Xa estamos co da súa orixe humilde e blablabla —bisboulle Alexia discretamente—. O que non che conta é que o seu tío ten media ducia de discotecas por toda a cidade. Ten de humilde o que eu de bispo.

—Xa —asentiu Constanza con certa decepción.

Micaela repetiulle aburrida todo o que sabía, mentres Alberte lle prestaba unha atención reconcentrada.

—Unha cousa —dixo ao remate—. Non habería posibilidade de que *miss Emily* escapara finxindo esa desaparición?

—Si? Escapando pola fiestra do sexto piso no que vive e co coche quieto no garaxe desde hai días?

—Ao fin e ao cabo, ela tivera ese divorcio tan ruín... Vai ti saber o que lle pasaba pola cabeza estes días, con esa volta á rutina e todo iso —teimou Alberte.

—Miña nai, mira que es peliculeiro, meu —rebateu divertido Diego—. Nótase que non estiveches no campamento,

porque verías que todo iso que soltas é imposible. O ex de *miss* Emily retornou a Irlanda e alí casou con outra muller, contóunolo ela mesma nunha das ceas arredor do lume que tivemos –Constanza lembrou ese episodio concreto e asentiu coa cabeza–. A *miss* Emily coa que estivemos era unha muller alegre e divertida á que parecía que lle quitaran dez anos de enriba. Víase ata ilusionada e máis amañadiña. Se ata nos acompañou nalgúns dos nosos xogos, como unha máis!

—Claro, esquecía o maravillosos que son eses campamentos.

—Pois si que o son, Alberte, por moito que ti te burles deles –fungou molesto Diego.

—O que ti digas, compañeiro –aceptou aburrido antes de volver ás clases.

Por fin rematou ese día lectivo, e Constanza sufriu a súa primeira frustración coa xente do novo grupo cando lles propuxo reunirse máis tarde coas súas amigas do anterior centro e todos opuxeron variadas escusas de distintos graos de credibilidade. Preferiu aceptalas sen máis, xa habería tempo de facer esa reunión como pretendía. No seu lugar quedou con Latifa e Noa, as súas máis vellas amigas, no sitio habitual para comentar como fora ese primeiro día de clases.

Subiu ao bus máis animada e acomodou nun asento da fiestra.

—Ola, podo sentar contigo? –escoitou unha voz que xa comezaba a converterse en familiar. Alberte esperaba educadamente canda os asentos.

—Pois claro que si. Non sabía que ti tamén collías este autobús.

—Que remedio.

—A min tamén me toca, mentres non nos dean a nova casa, dentro dun par de meses —explicou ela, arrependíndose ao intre de soltar toda aquela información non solicitada.

—Vaia mañá, verdade? Nunca fora así o primeiro día de clase no prestixioso Vicencio. Que vergonza que desapareza unha profesora, como se isto fose un centro público calquera —dixo o rapaz cun ton claramente burlón.

—Non parece moi contento co sitio —apuntou Constanza.

—Tanto se me nota? Conféssoo: non me gusta nada, eu prefería seguir no meu vello instituto Número Dous, que o pobre nin nome tiña, pero era ben cumpridiño. Foi o meu tío Fernando quen lles comeu a cabeza a meus pais para que me metesen aquí en segundo da ESO. Se ata é el quen me paga a matrícula e todo. Vaítes, podería terme pagado un patinete, como eu lle pedira, e non este niño de parvos.

—Eu estaba no Número Un, parede con parede co teu, como quen di. Tamén era un bo centro, pero coido que este cambio será para ben —rebateu, ofendida polo ataque indirecto ás súas novas amizades.

Con todo, o resto do traxecto resultou agradable, en animada conversa sobre os respectivos institutos anteriores. Alberte parecía un rapaz simpático, unha vez obviado o seu ton cínico. Coincidiu que os dous baixaban na mesma parada e que ían na mesma dirección, polo que a charla puido prolongarse unhas cantas rúas máis.

—Eu xa quedo aquí, aí está a miña casa —dixo Constanza ao chegar á esquina da súa rúa.

—Non me digas que vives en Vila Tardiña —exclamou el admirado.

—Vaites, es da pouca xente da nosa idade que sabe o nome orixinal da casa.

—Quero estudar arquitectura, así que atendo moito esas cousas.

—Pois si que vivo aí, de momento –recoñeceu–. Meu avó mercara a casa por pouco diñeiro e restauráara. Logo herdouna meu pai. Levo nela desde os doce anos.

—Pois é unha mágoa que teñas que deixala, é das construcións máis bonitas deste barrio. En fin, ata mañá.

Alberte afastouse cuns andares relaxados e ela concluíu que sería agradable compartir viaxes de ida e volta con aquel rapaz. Dispúxose a cruzar a estrada no paso de peóns, preparada para un sprint final porque empezaba a chover, cando parou en seco malia o bonequiño verde convidar a pasar. Aquela silueta non podía estar alí, era algo totalmente anacrónico e sinistro naquel cruce de rúas percorrido por centos de coches e persoas. Quedou paralizada, como se un feitizo a cravase ao chan.

—Que fas aquí parada? Estás parva? Vaste enchoupar!

Espertou, ao xeito de quen sae dun transo hipnótico. Miguel, seu irmán maior, fitábaa co seu inamovible aceno de superioridade. Mirou de novo cara o lugar onde estaba aquela figura, pero alí xa non había ninguén... Se é que de verdade estivera.

—Pensei que vira a alguén. Veña, imos para a casa, que chove –determinou–.